

Advertido erro de redacción no capítulo I, apartado 1.3 *Contido da proposta de PDA da Normativa de Planificación Académica Anual para o curso 2019-2020*, aprobada na sesión ordinaria do Consello de Goberno do 20 de decembro de 2018, esta vicerreitoría procede á súa corrección consonte ao establecido no artigo 109.2, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, polo que:

Onde di:

A vicerreitoría podería aprobar, a pedimento do centro, un número maior de grupos en PDA (ordinarios) cando, logo da creación consonte ao módulo por tipo de docencia, sexa preciso a igualación do número de grupos expositivos en cada curso, e o axuste entre a docencia expositiva e interactiva. Neste caso os grupos adicionais creados pola vicerreitoría formarán parte do PDA. O encargo lectivo e de titoría que destes grupos se derive será recoñecido no POD do profesorado que imparta a docencia e deberán terse en conta nos horarios e na programación que afecte aos estudantes. Non contarán para o cálculo das necesidades lectivas das áreas.

Excepcionalmente, en casos debidamente xustificadas por razóns de calidade e mellora dos resultados, os órganos responsables de elaborar o PDA poderán propoñer a creación de grupos de centro, a maiores dos que resulten da aplicación dos módulos, cando as áreas afectadas dispoñan de recursos suficientes e exista unha xustificación académica suficientemente motivada por informes de seguimento dos títulos e a mellora dos indicadores de resultados que establecen as memorias.

Debe dicir:

A vicerreitoría podería aprobar, a pedimento do centro, un número maior de grupos en PDA (ordinarios) cando, logo da creación consonte ao módulo por tipo de docencia, sexa preciso a igualación do número de grupos expositivos en cada curso, e o axuste entre a docencia expositiva e interactiva. Neste caso os grupos adicionais creados pola vicerreitoría formarán parte do PDA.

Excepcionalmente, en casos debidamente xustificadas por razóns de calidade e mellora dos resultados, os órganos responsables de elaborar o PDA poderán propoñer a creación de grupos de centro, a maiores dos que resulten da aplicación dos módulos, cando as áreas afectadas dispoñan de recursos suficientes e exista unha xustificación académica suficientemente motivada por informes de seguimento dos títulos e a mellora dos indicadores de resultados que establecen as memorias. O encargo lectivo e de titoría que destes grupos se derive será recoñecido no POD do profesorado que imparta a docencia e deberán terse en conta nos horarios e na programación que afecte aos estudantes. Non contarán para o cálculo das necesidades lectivas das áreas.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2019

Por delegación do Sr. Reitor
(RR do 20.06.2018 – DOG do 29.06.2018)
A Vicerreitora de Organización Académica

María Celia Besteiro Rodríguez

Sras./Sres. Decanas/os e Directoras/es de centros; Sras./Sres. Directoras/es de Departamentos; Sras./Sres. Responsables da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA CELIA BESTEIRO RODRIGUEZ, VICERREITORA DE ORGANIZACION ACADEMICA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 23/01/2019 16:00:14.

CSV: 4470-C831-4781-9F73